

S E T E M B R O

«Imaxina que es...»

Imaxina que podes converterte en calquera das mulleres que aparece neste mes de setembro. Cal serías?

Como farías nun día calquera da túa «nova vida» para poder conciliar o teu ámbito persoal, familiar, laboral,...? Sería doado?

Montamos un mural onde diferenciamos dúas partes: SI CONCILIAMOS, NON CONCILIAN.

Para cada unha delas utilizamos imaxes e buscamos e/ou elaboramos frases a favor da coresponsabilidade e conciliación. Podemos coller exemplos das mulleres que aparecen no mes de setembro e tamén exemplos anónimos do noso contorno próximo.

Na túa casa

Quen concilia na túa casa?

Como o fai?

Quen non concilia na túa casa?

Como o fai?

As persoas que non concilian na túa casa, que poden facer para conciliar?

E ti, concilias?

As mulleres na publicidade

Analizamos dous exemplos de anuncio publicitario (da tele, prensa, revistas,...): un onde si e outro onde non se dea coresponsabilidade. Debateremos sobre o tema.

...O home que me ame non quere posuírme como unha mercadoría, nin exhibirme como un trofeo de caza, saberá estar ao meu lado co mesmo amor co que eu estarei ao lado seu...

...Máis sobre todas as cousas, o home que me ame deberá amar ao pobo non como unha abstracta palabra tirada da manga, senón como algo real, concreto, ante quen queira render homenaxe con accións e dar a vida se é necesario...

...O amor do meu home non lle fuxirá ás cocinas, nin aos cueiros do fillo, será como un vento fresco levándose entre nubes de sono e de pasado, as debilidades que, por séculos, nos mantiveron separados como seres de distinta estatura.

...O amor do meu home non quere rotularme e etiquetarme, dárme aire, espazo, alimento para medrar e ser mellor, como unha Revolución que fai de cada día o comezo dunha nova vitoria.

Gioconda Belli



SETEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
					1804 Nace Mariana Pineda en Granada, executada por bordar unha bandeira republicana	1838 Nace Lydia Liliuokalani, derradeira raíña de Hawai
3	4	5	6	7	8	9
1992 Morre Bárbara McClintock. Nobel de Fisioloxía e Medicina. "Xenes intercambiábeis"	1995 Iníciase en Beijing -China-, a 4ª Conferencia Mundial sobre a Muller	Día da Muller Indixena. Aniversario do asasinato de Bertolina Sisa	Día Continental en Latinoamérica da Cidadanía Feminina	1955 Promúlgase no Perú a Lei do Sufrixio Feminino	1990 Gabriela Sabatini gaña o US Open, o seu primeiro título de Grand Slam	1908 Nace Aurora Reyes. 1ª muller muralista mexicana. Sindicalista e sufraxista
10	11	12	13	14	15	16
1987 Morre no Paraguai Aimé Painé, cantora. Oficiase funeral polo rito aborixe	1997 Pasamento de Ana Ros Miragall, mestra, escritora, sindicalista e feminista	1990 Nace María de Zayas y Sotomayor. Destaca polo realismo e modernidade da súa obra	1988 Morre Mª Teresa León. Escritora. Republicana comprometida contra a guerra	1927 Morre Isadora Duncan, renovou o ballet clásico. Precursora da danza moderna	1945 Nace Carmen Maura, actriz	1851 Nace na Coruña, Emilia Pardo Bazán, escritora, xornalista e corresponsal
17	18	19	20	21	22	23
2000 "Isué" de Mercedes Peón, mellor disco do ano segundo Koldworld	1905 Nace Greta Garbo, actriz. "A tentadora" (1926) "O Demo e a Carne" (1927)	1977 Constitúese a Asociación de Mulleres nicaraguas Luisa Amanda Espinoza	1980 Mª Xosé Queizán publica "Recuperemos as mans"	1916 Nace Françoise Giroud. Primeira Ministra francesa de Asuntos da Muller	1960 Falece Melanie Klein, unha das máis importantes psicoanalistas do século XX	Día Nacional Arxentino dos Dereitos Políticos das Mulleres
24	25	26	27	28	29	30
1985 1ª volta ao mundo en bicicleta dada por unha muller. Duroo 15 meses	1996 Nace Elsa Triolet, escritora rusa. Exiliada antizarista	1981 Nace Serena Williams, tenista estadounidense. Campiona Winblendon 2003	1871 Nace Grazia Deledda, escritora italiana. Nobel de Literatura (1926)	Día de loita pola despenalización do aborto	En todo o ano, Mulleres de Negro denuncian os crimes de guerra contra as mulleres	1980 Nace Martina Hingis, tenista suíza nacida en Eslovaquia. Varios anos Nº1 do Ranking Mundial Feminino.